

## A orientación baixo aos caprichos da Consellaría: urxe unha rede de Orientación

A Consellaría presentou só as vacantes que sairán a concurso, pendente das alegacións que fagamos. Non volverá convocar Mesa para debate a orde ao non ter cambios sobre as anteriores. A CIG-Ensino considera que se debería convocar igual. En todo caso, solicitamos que se nos remita previamente á publicación para enviar alegacións.

### Dous terzos das prazas de Orientación son compartidas.

Neses anexos atopámonos que se **ofertan como vacantes 44 prazas das que só 14 son prazas sen compartir**, e cando menos **en 10 centros atopámonos cunha orientación que vai ter que atender máis de 3 centros**, entre centros compartidos e adscritos. Isto é o que entende a Consellaría por atención á diversidade.

Existen algúns exemplos que amosan moi ben o trato da Consellaría á Orientación. Un témolo coas prazas do **CEIP Plurilingüe Carlos Cid Arregui (Rairiz de Veiga)** e o Lembremos que na oferta de prazas que se está facendo dous terzos das prazas son compartidas. Estas dúas prazas estiveron ocupadas por dúas mestras definitiva até xullo de 2022 no que a inspección ofrece unha modificación das prazas. Ao non estaren de acordo as dúas compañeiras co cambio, a inspección decide suprimilas (lembremos que como docentes asístenos o dereito a sermos suprimidos se a Administración cambia o perfil da nosa praza e pasa a ser itinerante, en virtude do

**Esiximos que se dote de departamento de Orientación a todos os centros de seis ou máis unidades de EI e EP.**

**Non é de recibo que se aproveite o concurso como porta de atrás para modificar, de feito, unha rede de orientación da que levamos anos pedindo que se negocie e amplíe.**

acordo asinado no seu día pola CIG-Ensino e outros sindicatos co anterior goberno da Xunta).

O cambio que se propuña era que o CEIP de Baltar (até entón centro adscrito a Vilar de Barrio) pasase a ser adscrito de Rairiz de Veiga (como sae agora nas vacantes). Por outro lado á titular da praza de Vilar de Barrio ofrecíasele cambiar o centro base pasando a ser o CEIP Padre Crespo co que non estaba de acordo. Todo un cambalache que non se negociou con ninguén e é froito de medidas arbitrarias e caprichosas da Consellaría.

Outro exemplo de cambios constantes témolo tamén co baile continuo do **CEIP Virxe do Mar de Narón**.

Co incremento de prazas de Orientación a todos os centros de 6 unidades non teríamos todos os anos estes cambios nos centros para ver con quen comparten.

Concurso a concurso están aumentando os centros a compartir, por non falar da aberración que supón que no CADP saian prazas de Orientación con afíns.

Nunha lectura rápida, debido ao pouco tempo desde que temos os anexos e a celebración da

mesa, detectamos que faltan centros nos que hai departamento de Orientación como o CEIP O Piñeirinho.

Como xa dixemos en cursos anteriores o Anexo de posíbeis resultas é por definición a rede de orientación de Infantil e Primaria, polo que nel deben estar todos os centros con departamento de orientación.

Se a Consellaría di que o anexo IV son só as posíbeis resultas deste ano que fan no anexo praza concedidas o ano pasado como o CEIP SAN ISIDRO, o CEIP XULIO CAMBA, o CEIP LUIS PIMENTEL ou o CEIP IRMÁNS VILLAR.

## Elaboración dunha rede de orientación na educación infantil

Vimos demandando desde hai anos que os responsábeis da Consellaría fagan o traballo dunha vez. Debe existir un **plan detallado e negociado para dar estabilidade aos centros. A proposta da CIG-Ensino xa é coñecida:**

- ★ **Orientación a tempo total en todos os centros de máis de 6 unidades.**
- ★ **Limitación dos centros adscritos.**
- ★ **Compartición de centros con carácter excepcional e limitación de unidades e atender.** É preciso un estudo da compartición dos centros en función de unidades, número de alumnado total e distancia entre centros. Para a CIG-Ensino a suma de unidades cando se comparten centros ten que ser inferior ás unidades para unha praza a tempo total, agás casos excepcionais de centros rurais con moi pouca matrícula que se deben negociar.

## A atención á diversidade nos CPI

Solicitamos que se faga unha revisión das necesidades dos CPI. Hai algúns que polo escaso alumnado non precisarían unha segunda praza de Orientación, mais outros si. Naqueles CPI nos que, polo total de alumnado ou por casos de NEAE existentes, sexa conveniente deben dotarse esas prazas.

## Demandamos incremento da oferta

A CIG-Ensino remitiulle á Consellaría unha relación de todas as prazas cubertas neste curso con destino provisional para que, con tempo

suficiente, remitise a xustificación correspondente para non incorporalas a este concurso (por teren unha ou un docente titular con reserva de posto). En resposta á nosa solicitude, a Consellaría comunicounos na Mesa que revisaron todas as prazas e que consideran que, previa revisión pola Inspección, poderían engadir algunhas prazas a maiores (as que no cadro anexo aparecen en **vermello**). A CIG-Ensino, posta en contacto cos centros, reclama que se revisen outras prazas a maiores das que nos aceptan e que figuran a continuación (en negro):

Prazas de Orientación reclamadas pola CIG-Ensino	
Concello	Centro
<b>15002-Ames</b>	<b>15032649-EEI do Milladoiro</b>
<b>15009-Betanzos</b>	<b>15001124-CEIP Francisco Vales Villamarín</b>
<b>15019-Carballo</b>	<b>15002578-CEIP Fogar</b>
15030-A Coruña	15005014-CEIP Raquel Camacho
<b>15030-A Coruña</b>	<b>15004988-CEIP Eusebio da Guarda</b>
<b>15054-Narón</b>	<b>15023508-CEIP Plurilingüe Virxe do Mar</b>
<b>15059-Ordes</b>	<b>15011105-CEIP de Mesón do Vento</b>
32054-Ourense	32008392-CEIP Plurilingüe Inmaculada
36008-Cangas	36018975-CEIP A Rúa
36009-A Cañiza	36001148-CPI da Cañiza
<b>36021-Gondomar</b>	<b>36018631-CEP Xosé Neira Vilas</b>
36021-Gondomar	36018987-CRA Antía Cal
36033-Mos	36013564-CEIP Plurilingüe Pena de Francia
36033-Mos	36019441-CEIP de Petelos
36041-Poio	36007242-CEIP de Viñas
36043-Ponte Caldelas	36015536-CEIP Plurilingüe A Reigosa
36054-Tomiño	36009411-CEIP Pintor Antonio Fernández
36057-Vigo	36017697-CEIP Escultor Acuña
36057-Vigo	36010711-CEP Dr. Fleming
<b>36060-Vilagarcía de Arousa</b>	<b>36012584 - CEIP Rosalía de Castro</b>
36060-Vilagarcía de Arousa	36015652-CEIP O Piñeirinho